



COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS AGRÍCOLAS

A Coruña – Pontevedra

Avda Barrié de la Maza, 17-1ºC

Soportais da Ferrería, 4-2ºD

15003 – A Coruña

36002 – Pontevedra

Tf...: 981 226 027

Tf...: 986 846 117

Fax.: 981 224 138

Fax.: 986 846 117

[www.coitagalicia.org](http://www.coitagalicia.org)

*memoria  
anual*

2014



# MEMORIA ANUAL DO COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS AGRÍCOLAS E PERITOS AGRÍCOLAS DE A CORUÑA E PONTEVEDRA (COITAAC)

## 1. PRESENTACIÓN

A Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de A Coruña e Pontevedra (COITAAC) presenta a Memoria Anual correspondente ao ano 2014.

Esta Memoria, xunto coa Conta de Perdas e Ganancias, é o medio polo cal a Xunta de Goberno do Colexio mostra a tódolos colexiados o resumo das súas actuacións, e os seus resultados, constituíndo un medio cuantificado de valoración da actividade colexial.

Foi redactada atendendo ás pautas que marca a “*Ley 25/2009 (ómnibus), de 21 de diciembre, de modificación de diversas leyes para su adaptación a la Ley 17/2009 (paraguas), de 23 de noviembre, sobre el libre acceso a las actividades de servicios y su ejercicio*”, e consonte á mesma será feita pública na “ventanilla única” da nosa páxina web “[www.coitagalicia.org](http://www.coitagalicia.org)”.

## 2. LEXISLACIÓN APLICABLE: ÁMBITO LEGAL

- **Estatutos:**- Actualmente vixentes os que a nivel do Estado foron aprobados polo R.D. 2772/1978, e modificados polos R.D. 429/1999 e R.D. 861/2003 (“*Estatutos Generales de los Colegios Oficiales de los Ingenieros Técnicos Agrícolas y Peritos Agrícolas de España y de su Consejo General*”).

Están en trámite de redacción/aprobación os novos Estatutos colexiais para a súa adaptación á Lei de Colexios Profesionais de Galicia, e ao resto de normativa de recente aprobación como consecuencia da transposición ao noso ordenamento xurídico da Directiva (UE) SIM (de servizos no mercado interior), e a reforma do Espazo Europeo de Educación Superior.



O Colexio, pese ao cambiante marco normativo, ten seguido traballando no borrador de Estatutos Colexiais que se espera sexan finalmente aprobados en 2015 tras ser sometidos ao ditame da *Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza* da Xunta de Galicia.

Os “*Estatutos Generales de los Colegios Oficiales de Ingenieros Técnicos Agrícolas y Peritos Agrícolas de España y de su Consejo General*”, que tamén están en trámite de revisión, e a Nota informativa sobre adecuación dos Estatutos, están dispoñibles no seguinte enderezo electrónico.

<http://www.coitagalicia.org/phocadownload/estatutos%20generales.pdf>

### 3. O COLEXIO

#### ***3.a- Breve historia.***

En 2014 cumpriuse o 80 Aniversario da creación do Colexio. Comezou a súa actividade en Carballo como “Colegio Pericial Agronómico de La Coruña” en 1934, segundo o primeiro libro de rexistro de colexiados que se custodia na sede colexial, no que se inclúe a matriculación dos primeiros colexiados, sendo o primeiro D. Jovita Marnotes Veiga.

Os rexistros colexiais dan conta de que nos últimos anos estase a producir una caída paulatina na colexiación, onde as baixas non se ven compensadas polos novos ingresos.

Entendemos que isto é debido, dunha parte, ao descenso no número de egresados das escolas (á súa vez condicionado ao descenso na matrícula) e, doutra parte, á incerteza creada polo incompleto marco normativo actual, posto que aínda que a “*Ley 2/1974, de 13 de febrero, sobre Colegios Profesionales*”, aínda mantén vixente a colexiación obrigatoria, non existen mecanismos efectivos que permitan esixir ese cumprimento ... e as perspectivas creadas polos sucesivos borradores de “*Anteproyecto de Ley de Servicios y Colegios profesionales*”, con restricións a esa obriga crean un caldo de cultivo idóneo tanto para o aumento das baixas como para a diminución das altas, sen que de feito, dende o Colexio, se poda pór remedio.



A data 31 de decembro de 2014, temos rexistrados 974 Colexiados (759 ao corrente de obrigas, 37 xubilados e 178 bloqueados (mora superior a 2 trimestres)): en A Coruña son 484, 26 e 104, respectivamente; e en Pontevedra son 275, 11 e 74, respectivamente.

### ***3.b- Fins e funcións***

O COITTAAC é unha corporación de dereito público, amparada pola lei e recoñecida polo Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

En atención ao anterior, no seu ámbito territorial, e no marco das súas competencias, exerce as funcións que lle confire a “*Lei 11/2001, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia*”, a lexislación básica do Estado nesta materia, e, en particular, as seguintes:

1. A representación e defensa da profesión.
2. A ordenación da actividade dos colexiados.
3. O exercicio da potestade disciplinaria.
4. A loita contra o intrusismo profesional e a competencia desleal.
5. O cobro das percepcións, remuneracións ou honorarios profesionais, cando o colexiado o solicite libre e expresamente.
6. Establecer e recadar, incluso esixir, tódalas achegas económicas que determinen os Estatutos.
7. A elaboración e aprobación dos presupostos anuais de ingresos e gastos e das súas contas e liquidacións orzamentarias.
8. O visado dos traballos profesionais dos colexiados, cando sexa obrigatorio ou expresamente demandado polo promotor.
9. A organización de actividades dirixidas á formación e perfeccionamento profesional dos colexiados.
10. A participación de forma activa na elaboración e mellora dos plans de estudo das Escolas Universitarias de Enxeñaría Técnica Agrícola.



11. A organización de actividades e servizos comúns, de carácter profesional, cultural, asistencial, etc...
12. A intervención como mediador nos conflitos profesionais dos colexiados.
13. A relación e coordinación con outros colexios profesionais, así como co “*Consello Galego*” de colexios, no seu caso.
14. Informar os proxectos de normas da Comunidade Autónoma de Galicia que afecten aos profesionais.
15. A participación nos órganos consultivos da Administración de Galicia.
16. A emisión de informes e ditames, non vinculantes, en procedementos xudiciais ou administrativos que afecten a materias de competencia profesional.
17. A colaboración coas administracións públicas en materia das súas competencias.
18. A colaboración e garantía da prestación da función polos profesionais colexiados.
19. Actuar como árbitro nos conflitos entre colexiados e terceiros.
20. Cantas outras funcións repercutan en beneficio dos intereses profesionais dos colexiados e se encamiñen ao cumprimento dos fins colexiais.

### ***3.c- Territorialidade.***

O Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de A Coruña e Pontevedra ten, como a súa denominación indica, ámbito territorial nas dúas provincias. A capitalidade do Colexio está en A Coruña, existindo unha Delegación en Pontevedra.

Ademais, colabora co resto de colexios oficiais de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas do Estado para dar cumprimento ao precepto legal, e estatutario, da colexiación única, que permite o exercicio profesional, a calquera ITA colexiado, en todo o territorio estatal, independentemente do seu Colexio territorial de adscrición..



### ***3.d- Como contactar.***

Ámbito del Colegio: A Coruña y Pontevedra.

Sedes:

A Coruña:	Avda Barrié de la Maza, nº 17-1º C  15003 – A Coruña  Tfno.: 981226027 Fax.: 981224138  <a href="mailto:administracion.coruna@coitagalicia.org">administracion.coruna@coitagalicia.org</a>
Pontevedra:	Soportais da Ferrería, nº 4-2º D  36002 – Pontevedra  Tfno.: 986846117 Fax.: 981846117  <a href="mailto:delegacionpontevedra@coitagalicia.org">delegacionpontevedra@coitagalicia.org</a>
Mail general	<a href="mailto:colegio@coitagalicia.org">colegio@coitagalicia.org</a>
Web colegial	<a href="http://www.coitagalicia.org">www.coitagalicia.org</a>

## **4. XUNTA DE GOBERNO.**

### ***4.a- Funcións.***

A Xunta de Goberno ten como misión a dirección e administración do Colexio, no marco dos Estatutos, e do seu Regulamento de Réxime Interno. Son funcións da Xunta de Goberno, as seguintes:

- a) O acordo para a adquisición, denegación e perda da condición de colexiado e clases dos mesmos.



- b) A defensa dos intereses e prestixio do Colexio e dos colexiados (A promoción da profesionalidade e o bo facer, outorgando méritos aos traballos mellor realizados de cada ano no ámbito territorial do Colexio).
- c) Velar pola boa conduta profesional.
- d) A organización entre os colexiados das quendas profesionais de traballo.
- e) O exercicio das facultades disciplinarias que lle correspondan.
- f) A confección periódica da lista de colexiados.
- g) A promoción da formación de comisións para o estudo de asuntos que incumban ao Colexio.
- h) Impedir o exercicio da profesión aos que non reúnan as condicións de orde legal establecidas ao efecto.
- i) A recadación e administración dos fondos do Colexio.
- j) O nomeamento e separación do persoal administrativo do Colexio.
- k) A convocatoria á elección dos cargos da Xunta de Goberno.
- l) O acordo para a celebración de Asembleas Xerais ordinarias e extraordinarias.
- m) A organización do sistema para a realización do visado de traballos profesionais, separando para iso a comisión correspondente e delegando as funcións e práctica do visado nela.
- n) A adopción das medidas pertinentes para o cumprimento dos acordos da Asemblea Xeral e do “Consejo General”.
- o) A forma de aprobación das actas, establecendo o procedemento de autenticidade e axilidade para a inmediata execución dos acordos.

E todas as demais funcións recollidas nos estatutos particulares e nos Regulamentos de Réxime Interno do Colexio.



#### **4.b- Composición**

En 2014 a Xunta de Goberno estivo formada por: Presidente, Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro, Viceteseureiro e 6 vogais. Ademais é Vogal nata a Delegada do COITTAAC na provincia de Pontevedra.

#### **XUNTA DE GOBERNO**

Presidente
Rafael José Muños Moreno <a href="mailto:presidente@coitagalicia.org">presidente@coitagalicia.org</a>
Vicepresidente
José Ángel Raña Caamaño
Secretario
Mario Fernández Redondo <a href="mailto:secretario@coitagalicia.org">secretario@coitagalicia.org</a>
Tesoureiro
José Barrera López <a href="mailto:tesorero@coitagalicia.org">tesorero@coitagalicia.org</a>
Viceteseureiro
Gabino Grande Toro
Vogais
Alberto Mariño Sánchez
Enrique Fernández López
Jesús García Filgueiras
José Manuel Domínguez González
Mª Salomé Rodríguez Prieto
Óscar Martínez Tilve
Vogal - Delegada en Pontevedra
Lucía Iglesias Rivas





Anotacións:

- Con data 21/01/14, presentou a súa renuncia ao cargo o ata entón Sr. Secretario, D. Fernando Bellón Valentí, sendo substituído por D. Mario Fernández Redondo na reunión celebrada o 27 de xaneiro, consonte ao disposto no artigo 12 dos EE.GG..
- En reunión da Xunta de Goberno, de 21 de abril, se acordou deixar sen cubrir a vacante de Vicesecretario, cuxa renuncia ao cargo, presentada o 12 de decembro de 2013, foi aceptada na sesión do 27 de xaneiro.
- 17 de xuño foi elixida a nova Delegada do Colexio en Pontevedra, D<sup>a</sup>. Lucía Iglesias Rivas, por expiración do mandato do anterior delegado.

***4.c- Reunións.***

En 2014 a Xunta de Goberno ten celebrado reunións nas datas seguintes:

- 27 - xan: Reunión Ordinaria.
- 21 - abr: Reunión Ordinaria.
- 09 - xuñ: Reunión Ordinaria.
- 08 - sep: Reunión Ordinaria.
- 27 - oct: Reunión Ordinaria.
- 09 - dec: Reunión Ordinaria.

A Comisión colaboradora da Delegada do Colexio en Pontevedra reúnese nas datas seguintes:

- 28 de xaneiro
- 24 de outubro
- 15 de novembro.



## 5. ASEMBLEA XERAL

### 5.a. Funcións

Corresponde á Asemblea Xeral:

- a) Coñecer e sancionar a Memoria ou informe anual que a Xunta de Goberno lle someterá, resumindo a súa actuación, así como os acontecementos profesionais de maior relevo.
- b) Sancionar a xestión da Xunta de Goberno.
- c) A discusión e aprobación das contas do exercicio económico, así como dos presupostos, tanto ordinarios como extraordinarios.
- d) Determinar as cotas ordinarias e extraordinarias.
- f) Aprobar o Estatuto particular e, no seu caso, o Regulamento de Réxime Interno do Colexio.
- g) Aprobar a implantación de Delegacións e Subdelegacións, segundo o previsto nestes Estatutos, que se estimen convenientes.
- h) Acordar a adquisición ou alienación dos bens patrimoniais do Colexio, autorizando ao seu Presidente para actuar en consecuencia con plena representación da Corporación, como así mesmo facultarlle para concertar operacións de crédito, establecer e levantar hipotecas, peñar valores e cantas operacións financeiras se estimen pola Asemblea podan beneficiar a economía do Colexio e desenvolver a súa manobrabilidade, dentro dos fins e funcións do artigo 4º.
- i) Aceptar ou rexeitar doazóns ou herdanzas.
- j) A discusión e decisión sobre cantas propostas se lle sometan e correspondan á esfera de acción e intereses do Colexio, por iniciativa da Xunta de Goberno, ou de cinco colexiados como mínimo. Ditas propostas deberán ser presentadas coa suficiente antelación para ser incluídas no orden do día.



- k) A proposta de fusión, absorción, segregación, cambio de denominación e disolución do Colexio.
- l) A elección dos membros da Xunta de Goberno, conforme ao artigo 12.
- m) Implantación, supresión ou modificación de servizos corporativos.

### ***5.b. Reunións e temas principais tratados***

En 2014 o Colexio celebrou dúas Asembleas xerais ordinarias, convocadas consonte a Orde do día estatutariamente previsto, excepto a aprobación dos presupostos de 2014, cuxa aprobación se acordara no seu día pospor da do segundo semestre de 2013, á do primeiro de 2014, ante un eventual cambio normativo que puidera condicionar os ingresos (Anteproxecto de Lei de Servizos e Colexios Profesionais).

#### Asemblea Xeral Ordinaria: 25/06/14

- Lectura e Aprobación, se procede, da Acta da Asemblea Xeral anterior 23/12/2013.
- Aprobación, se procede, dos Presupostos colexiais para 2014.
- Aprobación, se procede, da Conta de Perdas e Ganancias de 2013.
- Sanción, se procede, da Memoria de Actuacións de 2013.
- Informe do Sr. Presidente.
- Rogos e Preguntas.

#### Asemblea Xeral Ordinaria: 22/12/14

- Lectura e aprobación, se procede, do Acta da Asemblea Xeral anterior de 25/06/2014.
- Aprobación, se procede, dos Presupostos Colexiais para 2015.
- Informe do Sr. Presidente.
- Rogos e preguntas.



## 6. SECRETARÍA TÉCNICA

A Secretaría Técnica a forman, actualmente, o Secretario do Colexio e a técnica de apoio, da sede de A Coruña. Os seus cometidos principais son:

- Revisión e visado de traballos, en termos de acreditación da identidade do autor, e de integridade e corrección formal do traballo.
- Comunicación ordinaria cos colexiados: eventos de interese (feiras, congresos, etc.), lexislación de interese profesional, etc..
- Xestión da páxina web, foro técnico e correo corporativo. Con apoio técnico externo de empresas especializadas.
- Asesoramento en consultas técnicas.
- Atención a reclamacións xurídicas, principalmente relacionadas coas atribucións profesionais dos nosos colexiados. Con apoio xurídico externo.
- Elaboración do plan formativo anual do COITAAC (cursos, xornadas, etc.), que é aprobado pola Xunta de Goberno.
- Coordinación e loxística da celebración das actividades formativas, incluídas ou non, no plan formativo anual.
- Realización de informes para tribunais e outras administracións públicas, principalmente, en temas de honorarios e atribucións/competencias.
- Emisión de Certificados de diversa índole a petición dos colexiados.
- Xestión de subvencións para a entidade colexial (actividades formativas, contratación de persoal, etc.).
- Xestión do Rexistro colexial de Sociedades Profesionais.
- Varios: Comunicación de accións formativas non ofrecidas polo Colexio, bolsa de traballo, etc..
- Representación non institucional do Colexio, en eventos diversos, por delegación.



## 7. ADMINISTRACIÓN

### 7.a. Funcións e servizos.

En cada unha das sedes colexiais hai unha persoa encargada das tarefas administrativas, coas funcións seguintes:

- Rexistro de Visado de traballos, así como a súa contabilidade, e arquivo das copias de custodia dos mesmos.
- Rexistro de correspondencia e arquivo da mesma.
- Xestión de altas e baixas colexiais, a expensas de aprobación pola Xunta de Goberno.
- Xestión das Bases de datos colexiais.
- Contabilidade Xeral do Colexio: cotas colexiais, dereitos de visados, gastos xerais e correntes do colexio, etc.
- Atención, en primeira instancia aos colexiados, e aos particulares, que así o solicitan.
- Recepción de documentación.
- Bases de datos de Peritos xudiciais.
- Xestión da Biblioteca colexial.
- Traballos administrativo/contables, en xeral.

### 7.b. Rexistros de entradas e saídas

#### 7.b.1. A Coruña

Durante 2014 rexistráronse 205 ENTRADAS de documentación, entre as que destacamos:

- 19 escritos de Baixas, temporais ou non, e traslados Colexiais de diversas procedencias.
- 12 escritos procedentes de Xulgados/Tribunais/Facenda/Concellos.



- 12 escritos respecto a subvencións, ou peticións de documentación, ou información da Xunta de Galicia.
- 60 escritos de Petición de informes e certificados colexiais.
- 20 escritos queixas/suxestións/información.
- 46 escritos procedentes do *Consejo General* ou doutros Colexios.
- 36 escritos varios.

Así mesmo, tivo lugar a expedición de 326 rexistros de SAÍDAS de documentación, das cales destacamos:

- 19 escritos coas Listaxes de Peritos (Xudiciais) a distintos Xulgados, Tribunais e Administracións.
- 13 escritos a Xulgados a petición destes.
- 6 circulares e escritos a Colexiados.
- 2 convocatorias de Asemblea Xeral.
- 6 escritos/Convocatorias de Xunta de Goberno.
- 14 escritos para envío de Carnés colexiais.
- 92 certificados a colexiados e informes relacionados coas atribucións.
- 13 escritos de trámite ou resposta a procedementos abertos por queixas de particulares.
- 23 envío de Diplomas.
- 124 certificados de asistencia a cursos.
- 14 escritos con asuntos varios.

#### 7.b.2. Pontevedra

Durante 2014 rexistráronse 675 ENTRADAS de documentación, entre as que destacamos:

- 126 **solicitudes de incorporación** ás Quendas de Peritos (Xudiciais).



- 14 nomeamentos para a Consellería de Facenda/ATRIGA.
- 3 peticións de nomeamento de perito polo Colexio.
- 17 tarxetas de demanda de emprego.
- 7 solicitudes de baixas Colexiais.
- 76 ofertas formación por Internet.
- 97 colexiados.
- 16 ofertas de traballo.
- 319 outros asuntos varios.

Así mesmo, tivo lugar a expedición de 596 rexistros de SAÍDAS de documentación, das cales destacamos:

- 57 Escritos a Xulgados.
- 202 Comunicacions a Colexio A Coruña.
- 17 Comunicacions a Delegado Pontevedra.
- 16 Comunicacions a Delegada Pontevedra.
- 11 Circulares a Colexiados.
- 91 Escritos a Colexiados, xestións diversas.
- 26 Comunicacions relacionadas con MUNITEC.
- 176 Outros escritos de diversa índole.



## 8. OS COLEXIADOS

### *8.a. Dereitos e Deberes dos colexiados*

Son Dereitos e Deberes dos Colexiados, os propios que marcan os Estatutos Generales nos seus artigos 39 e 40. Estes son:

#### Deberes:

- a) Cumprir as normas reguladoras da profesión, os Estatutos Generales e particulares, os Regulamentos de réxime interior, as normas deontolóxicas ou calesquera outras normas e acordos adoptados polos órganos de goberno colexial, o Consejo General ou Consello Galego, no seu caso, sen prexuízo das eventuais impugnacións.
- b) Pagar as cotas e dereitos aprobados polo Colexio.
- c) Poñer en coñecemento do Colexio a os que exerzan actos propios da profesión sen posuír o título que para elo lles faculte; aos que, aínda téndoo, no estean colexiados e aos que sendo colexiados faltan ás obrigas que como tales teñen contraído.
- d) Someter ao visado e rexistro do Colexio os traballos profesionais, que así o requiran, sexa quen for o destinatario. Este trámite realizarase en calquera Colexio competente para elo por razón da materia, conforme ao disposto no “RD 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado colegial obligatorio”, e nos nosos EE.GG..
- e) Someterse nas diferenzas profesionais que se produzan entre colexiados á arbitrase e conciliación do Colexio en primeiro termo, sen prexuízo de interpor, no seu caso, o recurso procedente.
- f) Nos traballos profesionais que realice observar tódalas normas e preceptos que establece a lexislación vixente, as ditadas polo Colexio e polo Consejo General, e aquelas outras encamiñadas a manter e elevar o prestixio, dignidade, decoro i ética profesional.





- g) Cumprir con respecto aos Órganos directivos do Colexio e do *Consejo General* e cos colexiados os deberes de disciplina, respecto e harmonía profesionais.

**Dereitos:**

- 1) Actuar profesionalmente en todo o ámbito nacional, nos termos previstos na vixente lexislación sobre Colexios Profesionais e nestes Estatutos.
- 2) Participar na xestión corporativa, exercendo o dereito de petición, o de voto e o de acceso aos postos e cargos directivos, mediante os procedementos que establecen estes Estatutos.
- 3) Participar no uso e disfrute dos bens do Colexio e dos servizos que este teña establecidos.
- 4) Levar a cabo os traballos que sexan solicitados ao Colexio por organismos oficiais, entidades ou particulares, e que lles correspondan, respectándose a quenda previamente formada.
- 5) Ser representado ou defendido polo Colexio, polo Consello Autonómico ou, en caso necesario, polo *Consejo General*, cando necesiten presentar reclamacións xustas, ben individual ou colectivamente, ante a Administración, institucións, tribunais, entidades ou particulares, e en cantas diverxencias xurdan en ocasión do exercicio profesional.
- 6) Ser informado da situación económica do seu Colexio, de oficio ou a petición propia.

***8.b. Número de colexiados***

En 2014 rexistráronse os números seguintes:

- N° de Colexiados: 759 (ao corrente de obrigas).
  - 484 Colexiados en A Coruña.
  - 275 Colexiados en Pontevedra.



A destacar a salientable diferenza entre colexiados totais (974) e colexiados ao corrente de obrigas, o que supón unha importante diminución no potencial de ingresos por cotas, co agravante do gasto orixinado polas devolucións das mesmas ...

- Movementos colexiais ao longo do ano:
  - 19 rexistrados como desempregados.
  - 21 Altas.
  - 1 Reingresso.
  - 28 Baixas voluntarias.
  - 1 Falecido.
  - 6 “Baixas” por xubilación (salvo petición expresa, non causan baixa pero se lles exime da obriga de abonar cotas, unha vez que comunican a súa nova situación).

## 9. SERVIZOS COLEXIAIS.

O Colexio ven prestando os seguintes servizos a os seus colexiados:

### Servizos Xerais:

- Visado de traballos profesionais.
- Asesoramento técnico aos colexiados.
- Asesoramento xurídico gratuíto para o colexiado en materia de atribucións.
- Información dos cambios normativos, de organización, prazos, listado de peritos xudiciais, eventos, etc., aos colexiados.
- Correo-e corporativo Gratuíto.
- Xestión de ofertas de emprego para ETAs.
- Web corporativa, con área privada e foro profesional.
- Correo-electrónico masivo a lista de avisos con informacións relevantes.



### Servizos Particulares:

- Emisión de certificados en relación á colexiación e ás atribucións.
- Defensa da profesión en aquelas instancias nas que se discuten as atribucións/competencias dos ETAs.
- Becas formativas polo 50% (150€ máx.) do importe do curso, para os que o soliciten, para actividades formativas a través da FUNDACIÓN IDEA ou outras entidades non comerciais (universidades, administracións, etc.) cos únicos requisitos de rematar o curso con aproveitamento e estar ao corrente de obrigas. No ano 2014 foron concedidas 48 becas en total.
- A formación propia se procura gratuíta (subvencionada) ou ao menor custe posible para os asistentes.
- Axenda corporativa, copagamento do 50 %.
- Emisión de 10 informes sobre as atribucións/competencias dos ETAs en relación a “certificacións de obra nova”, proxección de establos (sic), saneamentos e abastecementos de auga, memorias técnicas, legalizacións e outros seguindo as orientacións da Asesoría xurídica do Colexio en colaboración coa do *Consejo General*.
- Emisión de 64 certificados colexiais, de todo tipo.
- Respondéronse varias consultas de distinta índole: trazado de camiños, canalizacións, legalizacións, muros, ..., etc.
- Difusión ao través da web do Colexio de 14 ofertas de emprego coas datas e procedencias que a continuación se detallan:

09-01-14 TEAK HOLZ INTERNATIONAL AG.

23-01-14 COLABORACIÓN ESTABLE ISAGRI.

07-02-14 E.T.A. COGAMI.

26-02-14 FEMXA DOCENTE FLORISTERÍA.



26-03-14 FORMACIÓN P.R.L. SECTOR AGROGANDEIRO

23-04-14 E.T.A. OU GRAO EN ENXEÑARIA CON DISCAPACIDADE.  
COGAMI

14-05-14 EMPREGO FAO . Roma.

12-06-14 P.R.L. TRAGSA

26-06-14 E.T.A. ZONA OURENSE. INGIOPSA

01-07-14 VEEDORES CONSELLO REGULADOR RIAS BAIXAS

21-10-14- E.T.A. SECTOR FERTILIZANTES, NUTRICIÓN E HIXIENE  
GANDEIRA. TIMAC AGRO ESPAÑA S.A.

19-11-14 COMERCIAL. XALLAS STA COMBA, S.C.G.

02-12-14 OFERTA EMPREGO XEFE FABRICA. Proceso selección GRUPO  
CLAVE.

10-12-14 PROCESS ENGINEER MANAGER EXTRA VIRIGIN ORGANIC  
OIL. KENIA, Selección por GLOBAL HUMAN CAPITAL GROUP

## 10. ACTIVIDADES COLEXIAIS

En 2014, desenvolvéronse as seguintes actividades colexiais:

- I. Dúas Asembleas Xerais Ordinarias, os días 25 de xuño e 22 de decembro, respectivamente.
- II. Curso: “*Certificación de Eficiencia Enerxética-CE3X*”. 20 alumnos. Escola Galega de Administracións Públicas (EGAP). Santiago de Compostela. 12 horas. Días 7-8 abril. Custe para o alumno: 50€.
- III. Xornada: “*Inspeccións Tributarias*”. 35 alumnos. Escola Galega de Administracións Públicas (EGAP). Santiago de Compostela. 4 horas. Día 27 de xuño. Gratuíto.
- IV. Xornada: “*Introdución á figura do Coordinador de Seguridade e Saúde no ámbito da E.T.A.*”. 18 alumnos inscritos e 10 asistentes. Escola Galega de Administracións Públicas (EGAP). Santiago de Compostela. 4 horas. Día 11 abril. Gratuíto.



- V. Xornada: *“Introdución á Peritación Xudicial”*. 22 alumnos inscritos e 10 asistentes. Escola Galega de Administracións Públicas (EGAP). Santiago de Compostela. 4 horas. Día 6 xuño. Gratuíto.
- VI. 2 Cursos de SKETCHUP: 30 alumnos. 20 horas. Custe para o alumno 50 €. (bonificación de 25€ para os desempregados).
- i. Pontevedra, Edificio Administrativo da Deputación.
  - i. Santiago, Escola Galega de Administracións Públicas (EGAP). Santiago de Compostela.
- VII. Xornada de *“Ferramentas Tecnolóxicas, Dropbox e Certificado Dixital”*. Pontevedra. Edificio Administrativo da Deputación. 14 alumnos. 2 de decembro. Gratuíto.
- VIII. Celebración de S. Isidro Labrador: Comida de confraternidade, con entrega de premios e distincións e homenaxe aos compañeiros que cumpren 25 e 50 anos de colexiación e aos falecidos.

Este ano volveuse á fórmula tradicional, celebración en restaurante e sen custe, para os colexiados, e celebrouse nas instalacións do Pazo de Lestrove.

Posto que o Colexio celebraba o 80 aniversario da súa fundación este ano o custe da comida non se repercutiu en contía algunha nos colexiados, soportando a totalidade do gasto o Colexio, agás o dos acompañantes.

Contouse coa asistencia de 135 persoas (colexiados e acompañantes) das dúas provincias. Como é habitual se fixo un recordatorio para os compañeiros que faleceron dende a anterior celebración. E ao igual que en anos anteriores se fixo entrega de “Diplomas de Ouro” para os compañeiros que cumpriron 50 anos de colexiación e “Diplomas de Prata” para os compañeiros con 25 anos de colexiación, dende a celebración de 2013.

Nesta festividade tamén se reconece aos autores dos mellores traballos visados en cada sede colexial, en dúas categorías de premios: Mellor Traballo Visado e Mellor



Traballo Visado, realizado por colexiado novel (con menos de tres anos de colexiación). Estes premios foron outorgados aos seguintes compañeiros:

- Premio ao mellor traballo visado (Pontevedra): Gabino Grande Toro, por *Modernización e mellora tecnolóxica, en piscifactoría existente, para cría intensiva de linguado* en Bico da Ran, Cambados.
- Premio ao mellor traballo visado (A Coruña): Manuel Mosquera García, por *Construción dunha nave de vacún e de dous silos forraxeiros* en As Travesas, Carral.
- Premio ao mellor traballo novel (Pontevedra): Cristian Sieira Hermo, por *Construción dun alpendre*, en Cariño – Castro – Boiro.
- Premio ao mellor traballo novel (A Coruña): Iván Ucha Fernández, por *Proxecto de explotación avícola en produción ecolóxica* en Armeo, San Sadurniño.

IX. Copatrocinio e organización da entrega de Premios San Isidro aos compañeiros recién titulados pola EPS de Lugo. Como ven sendo habitual, xunto co COITA de Lugo, premiáronse os mellores Proxectos/Traballos de Fin de Carreira/Grao das 4 especialidades da Enxeñaría Técnica Agrícola (Explotacións Agropecuarias, Industrias Agroalimentarias, Mecanización Agraria e Hortofruticultura e Xardinería) e dos dous Graos en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e das Industrias Agroalimentarias. Tamén se fai entrega de insignias a tódolos egresados.

X. Celebráronse, o 17 de xuño, as eleccións a Delegado en Pontevedra, entre os colexiados de aquela provincia. Houbo unha única candidatura presentada, resultando elixida, a colexiada Lucía Iglesias Rivas.

XI. Comunicaci3ns:

- 548 Colexiados teñen acceso á área privada da web.
- 175 contas de correo-e corporativo das que 165 son pertencentes a colexiados (o resto son da organización colexial). Gratuítas para os colexiados.



- 277 seguidores de facebook (conta non oficial, xestionada pola Técnica de apoio).
- 460 Subscritores á lista de avisos.

## 11. INFORME DE XESTIÓN ECONÓMICA.

### *11.a. Balance do ano.*

Ver documento anexo (Conta de Perdas e Ganancias).

### *11.b. Retribucións da Xunta de Goberno.*

Os membros da Xunta de Goberno non perciben remuneración algunha en función do seu cargo. Pola contra, si perciben compensacións polos gastos que se lles orixinan con motivo de reunións e outros actos.

En canto aos gastos de coordinación de actividades colexiais, en 2014, executáronse 7.000€ (dos 8.000€ presupostados), como compensación á dedicación e os gastos afrontados polos membros da xunta que realizaron esas labores.

### *11.c. Cotas aplicables (trimestral, de ingreso, etc.).*

- Cota colexial .....: 30,00€/trimestre.
- Cota colexial reducida (desempregados) .....: 20,00€/trimestre.
- Cota CGCOITAE .....: 5,61€/trimestre.
- Cota de ingreso .....: 30,00€.

En 2014, recadóuse un total de 91.150€. A Cota do CGCOITAE, é un cobro por mediación que en nada lle repercute ao Colexio.

### *11.d. Taxas de visados.*

Estas taxas dependen do tipo de traballo realizado. Así, normalmente, aos proxectos se lles aplica un módulo por unidade de obra (m<sup>2</sup> de corte, ou de almacén, etc..), ás medicións un módulo por superficie medida, ás valoracións outro módulo por tramos de valor, etc..



As taxas mínimas establecidas son as seguintes:(IVE incluído):

* Informes y certificacións .....	15,65€ (aparte medicións ou tasacións)
* Nomeamento de Coordinador de Seguridade e Saúde, e Acta de aprobación do Plano de Seg. e Saúde .....	15,65€ (sen o Libro de Incidencias)
* Medicións .....	30,50€ (depende do nº de parcelas)
* Tasacións .....	30,25€ (depende do importe da tasación)
* Proxecto .....	48,40€
* Certificación Final de Obra .....	50% de Proxecto, mínimo de 30,50€
* Certificados de colexiación .....	30,00€ + IVE
* Informe de atribucións .....	60,00€ + IVE

En 2014 foron visados 1.714 traballos, que supuxeron uns ingresos de 92.810,20€ por dereitos de visados (case 26.000€ menos que en 2013).

En 2014 seguiu a aumentar o número de usuarios do visado dixital, acadando os 98 colexiados usuarios deste servizo.

Presentáronse a visar en formato dixital 439 traballos. Os proxectos superan o 65% dos traballos presentados neste formato.

A desagregación dos traballos visados, por sede e tipoloxía de traballos, é a que se detalla a seguir:

### **A Coruña:**

En 2014 foron visados 1.189 traballos, que supuxeron uns ingresos de 65.341,40€ por dereitos de visados.

- Proxectos .....	386
- Legalizacións .....	16
- Anteprojectos .....	2





- Certificacións de Final de obra .....	280
- Medicións, segregacións, parcelacións .....	60
- Certif. Eficiencia Enerxética .....	10
- Valoracións .....	81
- Coordinación de Seguridade e Saúde .....	186
- Certificacións de Obra Nova .....	77
- Informes, outras certificacións, memorias, varios .....	91

### **Pontevedra:**

En 2014 foron visados 525 traballos, que supuxeron uns ingresos de 27.468,80€ por dereitos de visados.

- Proxectos .....	135
- Anteprojectos .....	4
- Finais de obra .....	69
- Medicións .....	78
- Informes .....	27
- Valoracións .....	65
- Informe/certificación antigüidade .....	90
- Seguridade e Saúde, e Coordinacións .....	41
- Estudos Xeotécnicos .....	11
- Legalizacións .....	1
- Varios .....	4

### ***11.e. Subvencións***

En 2014, no temos solicitado, nin percibido importe algún en concepto de axudas públicas.



## 12. CONTROL PROFESIONAL.

### 12.a. Código Deontolóxico.

Este código pode consultarse no seguinte enderezo electrónico:

[http://www.coitagalicia.org/phocadownload/normas\\_deontolgicas\\_itas.pdf](http://www.coitagalicia.org/phocadownload/normas_deontolgicas_itas.pdf)

### 12.b. Procedementos informativos e sancionadores.

#### I. Número de expedientes instruídos en 2014.

- Xulgados, tribunais e administracións rexionais:

Recibíronse 6 escritos dende Xulgados de Santiago, Corcubión, Carballo e Cangas do Morrazo, Todos solicitaban informes sobre honorarios, de colexiados que exerceron como peritos xudiciais, para a taxación de costas.

- Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza:

Recibíronse dous escritos dende a Vicepresidencia. Un, en relación á tramitación dos Estatutos Colexiais do Colexio, e outro comunicando a sentenza do T.S. que anula o *Decreto 448/2003*, polo que se produciu a segregación do Colexio de Ourense do de A Coruña.

- Axencia Tributaria de Galicia:

Recibíronse 2 escritos en relación coa reclamación de 82,14€ e duns intereses relacionados, á súa vez, con subvencións de 2009 e 2010, que estaban sendo auditadas, e outros 2 escritos máis cerrando eses expedientes, sen máis desconformidades.

- Consellería de Traballo:

Recibiuse 1 escrito solicitando documentación en relación a un expediente de subvención de 2010. Solucionado.

- Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia:

1 Escrito queixa sobre presunto intrusismo de ETA en Plan Tala forestal.



- Colexiados:

1 Escrito queixa sobre presunto intrusismo de profesional en relación a traballos de topografía/catastro.

1 Escrito solicitando informe sobre presentación de traballos no seu nome, dun colexiado.

2 Escritos solicitando información colexial.

**II. En tramitación: número e infracción á que se refiren.**

Resposta ao Instituto Galego de Consumo sobre queixa por traballo de colexiado.

Resposta a particular a escrito queixa sobre traballo de colexiado.

**III. Terminados: número, obxecto que se refiren e conclusión.**

Escrito á Consellería de Facenda, interpondo recurso de reposición contra convocatoria a petición de destino definitivo en proceso selectivo E.T.Forestais, da Xunta. Desestimado.

Escrito á Consellería de Presidencia remitindo Borrador de Estatutos colexiais do Colexio. Contestou suxerindo actuacións seguintes pola nosa parte.

Escrito para Reclamación de Danos no arquivo do Colexio dirixido a administrador da Comunidade de Propietarios do Edificio da sede de A Coruña. Finalmente foron aboados os danos.

Escrito á Comandancia da Garda Civil de A Coruña, Servizo de Protección da Natureza (SEPRONA) contestando á súa petición de informe sobre atribucións profesionais dos ETAs, para a realización de diversos tipos de proxectos.

Resposta ao Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción nº 4 de Santiago: Información sobre honorarios de perito xudicial. Non era colexiado, e así se fixo saber.



Resposta ao Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 3 de Pontearreas:  
Informe sobre honorarios dun perito xudicial.

Resposta ao Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 6 de Vigo: Informe  
sobre honorarios dun perito xudicial.

Resposta ao Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 2 de Pontevedra:  
Informe sobre honorarios dun perito xudicial.

Resposta ao Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 4 de A Coruña:  
Información sobre colexiado.

Resposta ao Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 1 de Corcubión: Informe  
sobre honorarios dun perito xudicial.

Resposta ao Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 1 de Cambados: Informe  
sobre honorarios dun perito xudicial.

Resposta ao Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 2 de Carballo: Informe  
sobre honorarios dun perito xudicial.

### ***12.c. Queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios ou as súas organizacións representativas***

#### ***i. Número de queixas ou reclamacións recibidas en 2014.***

Particulares: 4 Escritos de queixa sobre 3 colexiados en base ao seu presunto mal proceder nun informe.

Instituto Galego Consumo: 1 Escrito de queixa sobre un colexiado en base ao seu presunto mal proceder nun informe. Trátase dun dos casos xa posto en coñecemento polo particular presuntamente prexudicado.

#### ***ii. En fase de tramitación: número e motivos aos que se refiren.***

Tense respondido a un dos casos anteriores, xa que os outros están a seguir tramitacións xudiciais coas que non podemos interferir. Esperamos a comunicación, si se produce, da súa resolución. Se é o caso naquel momento se adoptarán as medidas oportunas.



*iii. Terminados:*

Escrito de resposta a un particular sobre discrepancias co traballo realizado por un colexiado e á súa reclamación de certa documentación.

En A Coruña a 4 de xuño de 2015.

A Xunta de Goberno.



**COLEXIO OFICIAL DE  
ENXEÑEIROS TÉCNICOS AGRÍCOLAS**

**A CORUÑA - PONTEVEDRA**

Av. Barrié de la Maza, 17-1º C  
15003 – A CORUÑA  
Telf. 981 22 60 27  
Fax. 981 22 41 38  
e-mail: [colegio@coitagalicia.org](mailto:colegio@coitagalicia.org)  
[www.coitagalicia.org](http://www.coitagalicia.org)

## **ANEXO A MEMORIA**

### **CUENTA DE PERDAS Y GANANCIAS**



## C.O.I.T.A. CORUÑA - PONTEVEDRA --- AÑO 2014

### CUENTA DE PÉRDAS E GANANCIAS

31/12/2014 De Enero a Diciembre con saldos iniciales

Pag. 1

<b>1 Importe neto de la cifra de negocios</b>	<b>188.881,38</b>
7050100001 VENTAS VISADOS CORUÑA	65.341,40
7050100002 VENTAS CURSOS CORUÑA	1.655,00
7050100003 VENTAS OTROS CORUÑA	2.222,60
7050100004 RECIBOS CORUÑA	91.150,00
7050300001 VISADOS PONTEVEDRA	27.468,80
7050300002 CURSOS PONTEVEDRA	500,00
7050300003 OTROS PONTEVEDRA	543,58
<b>6 Gastos de personal</b>	<b>-94.763,36</b>
6400000001 GASTOS COORDINACIÓN ACTIVIDADES COLEGIO	-7.593,44
6400100000 SUELDOS Y SALARIOS (CORUÑA)	-46.568,24
6400300000 SUELDOS Y SALARIOS (PONTEVEDRA)	-19.512,25
6420100000 SEGURIDAD SOCIAL EMPRESA CORUÑA	-14.931,51
6420300000 SEGURIDAD SOCIAL EMPRESA PONTEVEDRA	-6.157,92
<b>7 Otros gastos de explotación</b>	<b>-78.057,43</b>
6210100000 ALQUILER CORUÑA	-12.563,16
6210300000 ALQUILER PONTEVEDRA	-7.664,76
6220000001 MANTENIMIENTO PROGRAMA COLEGIO	-699,14
6220000002 MANTENIMIENTO PAGINA WEB	-1.780,32
6220100001 MANTENIMIENTO Y REPARACIÓN CORUÑA	-1.772,12
6220300001 MANTENIMIENTO Y REPARACIÓN PONTEVEDRA	-196,69
6230000000 SERVICIOS PROFESIONALES VARIOS	-8.828,14
6230000001 ASESORÍA LABORAL	-1.578,83
6230000002 ASESORÍA FISCAL	-4.364,96
6230000003 ASESORÍA JURÍDICA	-4.210,07
6230000004 REGISTRO MERCANTIL	-66,42
6240100000 PORTES CORUÑA	-439,98
6240300000 PORTES PONTEVEDRA	-312,34
6250100000 PRIMAS DE SEGUROS CORUÑA	-900,27
6250300000 PRIMAS DE SEGUROS PONTEVEDRA	-229,08
6260000000 SERVICIOS BANCARIOS Y SIMILARES	-1.209,88
6270000001 PUBLICIDAD COLEGIO	-4.380,36
6270300001 PUBLICIDAD PONTEVEDRA	-456,59
6280100002 GASTOS LUZ CORUÑA	-582,34
6280300001 AGUA PONTEVEDRA	-419,26
6280300002 GASTOS LUZ PONTEVEDRA	-799,04
6290000000 GASTOS DIVERSOS	-465,00
6290000001 GASTOS JUNTAS, ASAMBLEAS.	-4.956,69
6290000002 GASTOS DE REPRESENTACIÓN	-3.390,53
6290000003 PREMIOS, BECAS COLEGIO	-1.200,86
6290000004 ACTOS COLEGIALES COLEGIO	-8.068,62
6290000005 CUOTAS MUNITEC/CONSEJO A CARGO COITA	157,08
6290000006 MATERIAL DE OFICINA COLEGIO	-2.149,84
6290000008 VISADO DIGITAL	-2.148,15



6290000009 GASTOS DEPARTAMENTO TÉCNICO	-622,13
6290000010 PLENOS PROVINCIALES	-127,68
6290100001 MATERIAL. OFICINA CORUÑA	-1.140,34
6290100003 GASTOS TELÉFONO CORUÑA	-2.764,56
6290100004 COMUNICACIONES CORUÑA	-2.298,20
6290100005 CURSOS COLEGIO	-5.265,00
6290100006 PUBLICACIONES CORUÑA	-239,73
6290100007 SERVICIOS DE LIMPIEZA A CORUÑA	-1.792,67
6290100009 CURSOS CORUÑA	-300,00
6290300001 MATERIAL OFICINA PONTEVEDRA	-182,11
6290300003 GASTOS TELÉFONO PONTEVEDRA	-888,91
6290300004 COMUNICACIONES PONTEVEDRA	-143,06
6290300007 SERVICIO LIMPIEZA PONTEVEDRA	-1.380,69
6391000000 AJUSTES POSITIVOS IVA	1.076,52
7780000000 INGRESOS EXTRAORDINARIOS	13.687,49
<b>8 Amortización del inmovilizado</b>	<b>-4.619,99</b>
6800000006 AMORTIZACIÓN APLICACIONES INFORMÁTICAS	-58,42
6810000006 DOTACIÓN AMORTIZACIÓN MOBILIARIO	-2.211,65
6810000007 DOTACIÓN AMORTIZACIÓN ELEM. PROC. INFORM.	-2.349,92
<b>A RESULTADO DE EXPLOTACIÓN</b>	<b>11.440,60</b>
<b>12 Ingresos financieros</b>	<b>126,04</b>
7690000000 INGRESOS FINANCIEROS	126,04
<b>B RESULTADO FINANCIERO</b>	<b>126,04</b>
<b>C RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS</b>	<b>11.566,64</b>
<b>D RESULTADO DEL EJERCICIO</b>	<b>11.566,64</b>